

<b>Rama de coñecemento</b>	Xurídico-social
<b>Prazas ofertadas</b>	25
<b>Créditos ECTS totais</b>	60
<b>Créditos ECTS do traballo de fin de mestrado</b>	13
<b>Presencialidade</b>	Presencial
<b>Universidades participantes</b>	Universidade de Vigo

## Descrición

A realidade manifesta que a responsabilidade social corporativa erixiuse como fonte de vantaxes competitivas emerxentes, con independencia do tamaño organizacional. Por iso, e vinculado á administración de empresas, o MAiE proporciona habilidades para xestionar e dirixir empresas nun contexto integrado coa realidade social e económica. Sobre esta base, o Máster universitario en administración integrada de empresas e responsabilidade social corporativa posiciónase como o primeiro e único MBA oficial en Galicia que integra a RSC na xestión de empresas.

O obxectivo perseguido no MAiE é ofertar unha formación multidisciplinaria que conxugue os coñecementos teóricos e prácticos. O MBA-MAiE ten un carácter presencial e a ensinanza baséase en casos e en situacións reais, e nun traballo de fin de mestrado *in company*. Inclúe no seu plan de estudos seis módulos que abarcan todas as áreas estratéxicas de xestión empresarial: dirección estratéxica, mercadotecnia, recursos humanos, finanzas, calidade, innovación e medio ambiente. Ademais, de modo completamente innovador, o traballo de fin de mestrado (TFM) do estudantado é totalmente aplicado e pretende servir de ponte entre as empresas e os/as estudantes. O TFM ten unha dobre vertente: académico ou práctico, a partir da realización de prácticas extracurriculares en empresas e está baseado na metodoloxía *Monitor Consulting Project*, desenvolvida a partir das ideas do gran gurú do *management* e profesor da *Harvard Business School*, Michel Porter. Un profesor/a mentor MAiE titoriza o TFM do alumnado e tratará a elaboración dun proxecto de consultaría estratéxica *in-company*, que pode complementarse coa posibilidade de realizar prácticas extracurriculares nun conxunto de empresas colaboradoras do mestrado.

O MAiE é un título oficial da Universidade de Vigo, impártese na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais en horario de mañá e conta con profesorado de alta calidade e experiencia. Recoñece 60 créditos ETCS de formación avanzada e ten unha duración dun curso académico.

Dende a dirección do MAiE cremos firmemente que este MBA achega unha formación de indubidable interese para formar e capacitar persoas acabadas de graduarse para dirixir empresas, así como profesionais, executivos/as ou emprendedores/as en áreas técnicas, que busquen mellorar e desenvolver as súas habilidades de xestión. Estamos convencidos de que este MBA proporciona a mellor e a máis completa formación pública e de calidade.

## Perfil de ingreso recomendado

O mestrado vai dirixido principalmente a:

- Persoas acabadas de graduarse que queiran desenvolver a súa carreira profesional no mundo da empresa.

- Profesionais con vinculación ao ámbito da dirección de empresas que desexen actualizar os seus coñecementos, mellorar as súas competencias e habilidades directivas.
- Persoas emprendedoras con capacidades técnicas pero que carecen de coñecementos de dirección de empresas. Especialmente indicado para profesionais en áreas técnicas que desexen adquirir habilidades para implantar os seus proxectos empresariais.

Está deseñado para formar profesionais e líderes en xestión empresarial, e o perfil de ingreso recomendado do mestrado circunscríbese principalmente a titulacións afíns ao ámbito xurídico-social: Grao en Administración e Dirección de Empresas, Economía, Publicidade, Enxeñaría Superior, Dereito e Relacións Laborais, entre outros.

Non obstante, esténdese o abano a calquera persoa titulada universitaria que queira desenvolver a súa carreira profesional no ámbito da alta dirección de empresas e a profesionais con vinculación ao ámbito da dirección de empresas socialmente responsables que desexen actualizar os seus coñecementos e mellorar as súas competencias.

Aconséllase que o alumnado mostre:

- Interese pola actividade empresarial e a súa responsabilidade social
- Actitude favorable cara á integración en equipos de composición diversa
- Capacidade de adaptación

---

### Saídas profesionais

---

Ao matricularse no MBA-MAiE da Universidade de Vigo dás un gran paso para mellorar a túa carreira profesional. Entre as principais saídas profesionais do MAiE podemos enumerar:

- Dirección de empresas: xerencia, dirección de áreas, xefaturas de proxecto
- Consultaría estratéxica: analista, consultor/a, líder de proxecto
- Xestión de RSC: dirección e xestión responsable de recursos humanos, calidade, xestión RSE corporativa
- Desenvolvemento de negocios: emprendedor/a, *business development*, desenvolvemento corporativo
- Xestión de mercadotecnia corporativa e marca: *branding*, comunicación corporativa, relacións públicas, representante comercial
- Servizos financeiros: finanza corporativa, dirección de riscos, banca de investimento, comercial ou privada, capital de risco, seguros, xestión de patrimonios, analista
- Xestión de empresas no «sector público» e ONG
- Desenvolvemento corporativo: finanza corporativa, mercadotecnia corporativa, dirección de estratexia corporativa

---

### Máis información

---

Coordinadora	Carmen Otero Neira
Páxina web do mestrado	<a href="http://maiersc.webs.uvigo.es/">http://maiersc.webs.uvigo.es/</a>
Páxina web do centro	<a href="http://www.uvigo.es/uvigo_gl/Centros/vigo/lagoas_marcosende/fac_economicas.html">http://www.uvigo.es/uvigo_gl/Centros/vigo/lagoas_marcosende/fac_economicas.html</a>
Código RUCT	4314012
Enlace ao RUCT	<a href="https://www.educacion.gob.es/ruct/estudio.action?codigoCiclo=SC&amp;codigoTipo=M&amp;CodigoEstudio=4314012&amp;actual=estudios">https://www.educacion.gob.es/ruct/estudio.action?codigoCiclo=SC&amp;codigoTipo=M&amp;CodigoEstudio=4314012&amp;actual=estudios</a>
Teléfono	986 813 545
Enderezo electrónico	<a href="mailto:maiersc@uvigo.es">maiersc@uvigo.es</a>